

ACTA 2ª.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE: TÉCNICO EN INTERVENCIÓN FAMILIAR - EDUCADOR/A FAMILIAR.

Sendo as 8,00 horas do día 10.04.2026, reúnen os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 16.03.2026, para os efectos da resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións da fase de concurso, outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo, e citación para realización da fase de oposición.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta: María Victoria Varela Rodríguez.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

Águeda Paz Seijas.

María Dolores Torrado Ares.

Co quórum esixido pola base 7 para a válida actuación do tribunal, procédese á resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións da fase de concurso, que foi realizado con data 24.03.2026, e outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo.

Vistos os escritos de alegacións que constan no expediente, seguidamente relacionados, o tribunal por unanimidade tomou os seguintes acordos:

1. Escrito presentado por Soraya García Rodríguez, (r.e. 202699900000571, do 01.04.2026), no que sinala: Solicito que se me valore a experiencia profesional como educadora social - educadora familiar nos servizos sociais comunitarios do Concello de Moraña, no cal estiven prestando servizos durante 36 meses neste posto de traballo. Aporto certificado de servizos prestados de dito concello e contratos laborais.

Contestación: a interesada non presentou dentro do prazo de presentación de instancias os contratos onde se especificaban as súas funcións de educadora familiar do Concello de Moraña, que achega agora coa alegación, pero que non poden ser avaliados neste momento.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala.

2. Escrito presentado por Tristán Fernández Cabrera, (r.e. 202699900000573, do 01.04.2026), no que sinala: Entre os méritos académicos presentei o Máster en Psicoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela (pública). Un máster é un tipo de curso de posgrado de nivel avanzado deseñado para especializarse en un área profesional. Neste caso afondáronse en temas directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado como: a intervención familiar, a orientación académica e laboral, o desenvolvemento humano na primeira infancia, a intelixencia emocional, a xestión de conflitos, etc.

Contestación: o criterio adoptado polo tribunal foi de non avaliar os master, nin os posgraos, como tampouco se avaliaron os doutorados, por non considerados cursos de formación.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala.

3. Escrito presentado por Yasmina Martíns Cividanes, (r.e. 202699900000559, do 30.03.2026), no que sinala: Que non se valora ou computa a experiencia profesional de Educadora Social no Concello de Pontearreas, no cal, se traballou en servizos comunitarios específicos e, ademáis doutras liñas de actuación, se traballou en concreto en "Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social", habendo unha intervención directa coas familias en situación de vulnerabilidade, desenvolvemento de programas de intervención socioeducativa, seguimento de casos, coordinación con outros servizos e profesionais, así como outras funcións do ámbito da intervención familiar.

Contestación: o certificado é de educador social, pero non chegou dentro do prazo de presentación de instancias o documento que incorpora agora, onde se describen as funcións, pero que non pode ser avaliado neste momento.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala.

4. Escrito presentado por Tania López Boado, (r.e. 202699900000561, do 31.03.2026), no que sinala: Solicito sexa tomada en conta a titulación de "experta en terapia familiar sistémica" na baremación de méritos do proceso selectivo, que achego no anexo da miña solicitude 202699900000288, así como na presente.

Contestación: no apartado de formación segundo as bases da convocatoria (9.1.Formación) só se valoran os cursos desenvolvidos durante os últimos 15 anos e o curso de referencia ten máis de 15 anos.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala.

5. Escrito presentado por Noelia González Moreira, (r.e. 202699900000567, do 31.03.2026), no que sinala: Solicito que se teña en conta para a baremación, ademáis da formación, a experiencia laboral como Técnica de Intervención Familiar que levo realizando dende o 22 de decembro de 2021, para o cal, axunto contratos de traballo e vida laboral. Ademáis, solicito que se teña en conta a formación de Terapia Familiar Sistémica de 240 horas, acreditada pola F.E.A.T.F. (Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar) e a A.T.F.M.G. (Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia). Para o cal tamén axunto a titulación correspondente.

Contestación: o curso de nivel básico do programa de psicoterapeuta familiar sistémico, non se avaliou por non estar impartido por Administracións públicas, organismos públicos, centros oficiais ou dependentes de Administracións públicas ou Universidades públicas. Respecto da experiencia non se pode avaliar por non ter presentado dentro do prazo de presentación de instancias o certificado de empresa e/ou contratos de traballo, que presenta agora, pero que non pode ser avaliado neste momento.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala.

A continuación, o tribunal por unanimidade acorda:

1º) Elevar a definitivas as puntuacións provisionais outorgadas polo tribunal con data 24.03.2026 ao non terse producido ningunha modificación, e que queda como segue:

| APELIDOS E NOME | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | TOTAL PUNTOS |
|----------------------|-------------------------|-----------|--------------|
| PEÑALVA MORENO, JANA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| LÓPEZ BOADO, TANIA | 2,50 | 0,20 | 2,70 |

| | | | |
|-----------------------------------|------|------|------|
| GARCÍA RODRÍGUEZ, SORAYA | 0,00 | 1,50 | 1,50 |
| HERMO ROMERO, FÁTIMA | 0,00 | 1,00 | 1,00 |
| IGLESIAS MIRÁS, LUCÍA | 2,50 | 0,50 | 3,00 |
| PAIS PAIS, MARÍA MARTINA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| HERNANDO MARTÍNEZ, PAULA | 0,00 | 1,35 | 1,35 |
| CUADRADO GONZÁLEZ, ANTÍA | 0,00 | 0,20 | 0,20 |
| CARREIRA PEREIRO, FABIOLA | 2,50 | 1,50 | 4,00 |
| CORRAL LÓPEZ, SALOMÉ | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| REY HERMIDA, BIBIANA | 0,00 | 0,60 | 0,60 |
| DE AZCÁRATE FERNÁNDEZ, PATRICIA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| GONZÁLEZ MOREIRA, NOELIA | 0,00 | 1,05 | 1,05 |
| FERNÁNDEZ LEA, ZAIRA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, LAURA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| QUINTAS VILA, MARTA | 0,00 | 0,15 | 0,15 |
| PADÍN BRAVO, NOELIA | 2,50 | 0,00 | 2,50 |
| MELLA REGUEIRO, VANESA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| MARIÑO ARESTÍN, NATALIA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| LAGO REY, CARLA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| LESENDE MÍGUEZ, IRENE | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| MARTINS CIVIDANES, YASMINA | 0,00 | 1,00 | 1,00 |
| CABADAS MAGAZ, SARA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| CREUS MIÑONES, MARÍA | 0,00 | 0,15 | 0,15 |
| ALVARADO RODRÍGUEZ, MARÍA SOLEDAD | 0,00 | 0,60 | 0,60 |
| GARCÍA INSUA, CRISTINA | 0,00 | 0,35 | 0,35 |
| AFONINE SOSA, MARÍA CRISTINA | 0,00 | 0,20 | 0,20 |
| PORTOMEÑE GARCÍA, ANTÍA | 0,00 | 0,60 | 0,60 |
| FERREIRO SUÁREZ, LORENA | 0,80 | 1,00 | 1,80 |
| LAMAS LÓPEZ, LORENA | 0,00 | 0,35 | 0,35 |
| LOURO CALVO, ARIAN | 0,00 | 0,75 | 0,75 |
| VARELA ARES, NOA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| PEREIRO ESPERANTE, LILIANE | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| PADÍN OTERO, MARÍA DEL MAR | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| PRADO GÓMEZ, SONIA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| COUSILLAS RAMOS, MARÍA | 2,50 | 0,15 | 2,65 |
| SUÁREZ PAN, PATRICIA | 0,00 | 0,90 | 0,90 |
| CES COMOJO, NOELA | 0,00 | 0,30 | 0,30 |
| ALLO MOURO, CRISTINA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| ÁLVAREZ PÉREZ, EMMA | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| ULLA CAMINO, MARINA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| GARCIA ARMENTAL, MARTA | 0,00 | 0,20 | 0,20 |
| CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA | 0,00 | 0,65 | 0,65 |
| AMORÓS CORRAL, MARÍA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VÁZQUEZ SUÁREZ, UXÍA | 0,00 | 0,15 | 0,15 |
| GONZÁLEZ-PUELLES PÉREZ, CATARINA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| IGLESIAS FERNÁNDEZ, LAURA | 2,50 | 1,10 | 3,60 |
| FERNÁNDEZ CABRERA, TRISTÁN | 2,50 | 0,00 | 2,50 |
| MIGUÉNS FRANCO, TANIA | 0,00 | 0,55 | 0,55 |

2º) Convocar aos aspirantes para a realización da fase de oposición que consistirá na realización do exame tipo test, para o próximo día mércores, 29 de abril de 2026, as 9,00 horas no salón de actos do Centro Social Polivalente do concello, sito en Avenida de Santa Minia 46, Brión.

Con posterioridade á realización do exame tipo test, e no mesmo lugar e data onde se tivese realizado este, as persoas aspirantes que non acreditaran posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, deberán superar unha proba de coñecemento de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo tribunal durante un tempo máximo de 20 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a.

A relación de persoas que non teñen acreditado o CELGA 4 e que polo tanto deberán facer o exame son as seguintes:

- . PEÑALVA MORENO, JANA.
- . DE AZCÁRATE FERNÁNDEZ, PATRICIA.

3º) Publicar a acta desta sesión no taboleiro electrónico municipal e na páxina web para xeral coñecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión cara ás 9,10 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.